

MATERIA. FÍSICA E QUÍMICA 3º ESO

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada avaliación (trimestre) e a cualificación final do curso realizarase tendo en conta a información recollida cos instrumentos de avaliación indicados para cada estándar. Valorarase:

- O traballo autónomo e cooperativo (na aula, no laboratorio e noutros espazos) e participación e seguimento das clases
- As probas orais e escritas
- Os traballos de investigación e de laboratorio

1.Traballo autónomo (aula, aula de informática, laboratorio e outros espazos)	<ul style="list-style-type: none">• Realización sen axuda externa.• Estimación do tempo invertido para resolver unha actividade.• Grao de adquisición de aprendizaxes básicas• Orde e limpeza na presentación.• Uso axeitado de instrumentos y recursos propios da materia (como o material de laboratorio).• Empleo de esquemas.• Revisión do traballo antes de dalo por finalizado.• Valoración do traballo en casa e en clase.• Creatividade.• Caderno de clase: presentación clara e ordenada e que estea actualizado.
2. Participación e seguimento das clases	<ul style="list-style-type: none">• Nivel e adecuación das intervencións.• Emprego dunha estrutura clara nas mensaxes.• Uso de vocabulario axeitado.• Comportamiento en clase.• Interese e esforzo.

<p>3. Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballar de forma colaborativa. • Comunicación adecuada cos compañeiros. • Resolución de conflitos. • Interese e motivación. • Iniciativa. • Opinión persoal e valoración crítica do traballo en cooperación.
<p>4. Actividades TIC e traballos de investigación e laboratorio</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Uso axeitado e guiado do ordenador e algunha ferramenta telemática. • Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información ou para resolver unha actividade. • Tipo de participación (autónomo, con apoio, ninguna). • Grao de elaboración da resposta. • Interese e motivación. • Destrezas. • Capacidade de sintetizar e seleccionar de forma crítica contidos de Internet. • Orde, rigurosidade e limpeza no traballo de laboratorio • Caderno de laboratorio: presentación clara e ordenada e que estea actualizado.
<p>5. Probas orais e escritas</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da aprendizaxe dos contidos. • Valoración dos procesos seguidos e dos resultados. • Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación. • Valoración do tempo invertido e o tempo necesario para resolver unha actividade. • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía axeitada. • Tempo de realización. • Destrezas.

A cualificación corresponderá coa media ponderada seguinte: 70% Probas orais e escritas, 20% Traballos TIC, de investigación e laboratorio e 10% traballo autónomo e cooperativo (que recollerá o valorado nos apartados 1,2 e 3 da táboa anterior).

Haberá como mínimo dúas probas orais/escritas por avaliación.

A avaliación farase tendo en conta os estándares avaliables e empregando os procedementos de cualificación especificados para cada curso. En todos os cursos e para cada avaliación, haberá unha proba escrita de recuperación para aqueles alumnos que non teñan superada a avaliación.

Ao final de curso haberá unha proba final para aqueles alumnos que teñan algunha avaliación sen recuperar, na que terán que superar a avaliación ou avaliacións pendentes. Os que finalmente non superen a avaliación ordinaria de xuño deberán acudir á convocatoria extraordinaria de setembro. O exame de setembro será único e de toda a materia, independentemente de que algún alumno tivera algunha avaliación aprobada durante o curso.